

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DA INFANCIA E ADOLESCENCIA NO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 19 de xaneiro de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade de 25 de xaneiro de 2018, coas modificacións acordadas na mesma.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando que a participación de persoas e entidades na vida política do concello é sentida como unha necesidade básica nun sistema político baseado na democracia real e efectiva, e que é responsabilidade da administración local crear unha estrutura que a faga posible coas seguintes características:

.- Fomentar a participación directa de nenos, nenas e adolescentes en asuntos do seu interese mediante órganos nos que poidan expoñer as súas necesidades, iniciativas e ideas.

.- Valorizar a participación infantil e xuvenil como unha ferramenta útil diante da sociedade, promovéndoa en todos os ámbitos.

Aos efectos do previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), hai que ter en conta que o 25 de xaneiro de 2017 o Pleno da Corporación aprobou o Regulamento de participación veciñal do concello de Teo, Regulamento en cuxo artigo 38 establece a creación de consellos sectoriais ou de área, enmarcándose dentro deste o Regulamento ao que se refire a presente do Consello Local da Infancia e

Adolescencia do Concello de Teo, podendo entenderse polo tanto este Regulamento como un desenvolvemento daquel.

Considerando que o Regulamento en cuestión non vai ter un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e desenvolve un aspecto do xa aprobado no seu día Regulamento de participación veciñal do Concello de Teo.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Local da Infancia e Adolescencia do Concello de Teo, que se incorpora como anexo á presente.*

Segundo.- *Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na web municipal, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobado definitivamente o citado Regulamento.*

Terceiro.- *O texto integro do Regulamento aprobado deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei”.*

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- **Aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Local da Infancia e Adolescencia do Concello de Teo, que se incorpora como anexo á presente.**

Segundo.- Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na web municipal, durante o prazo de 30 días, para a presentación de reclamacións. De non formularse reclamacións durante a exposición pública, entenderase aprobado definitivamente o citado Regulamento.

Terceiro.- O texto integro do Regulamento aprobado deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, de conformidade co establecido nos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

ANEXO REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE TEO

PREÁMBULO

A construción social sobre a infancia e adolescencia foise transformando nos últimos anos para ser neste momento un sector da poboación obxecto de especial atención por parte da comunidade e das administracións. Esta atención préstase para acadar un adecuado desenvolvemento que culmine na formación de persoas adultas que desde as súas condicións individuais participen dos valores democráticos fundamentais.

En paralelo a isto, os poderes públicos recoñeceron un conxunto de dereitos e prestacións cos que se tenta satisfacer as necesidades e resolver os problemas que se poden presentar a este grupo de poboación. A sectorización dos servizos pode provocar que ás veces non se alcancen os fins xerais en relación ao seu benestar, ao aparecer o risco de descoordinación de actuacións, tanto no marco da definición das políticas globais como no ámbito mais concreto do funcionamento cotián dos mesmos.

Desde esta óptica o Consello Local da Infancia e Adolescencia (en diante, CLIA) do Concello de Teo pretende constituírse como espazo que facilite a coordinación entre as administracións e entidades implicadas no benestar das persoas menores de idade á vez que contribúa á participación activa da iniciativa social e ao establecemento de

canles de participación de nenas, nenos e adolescentes, co obxecto de coñecer as súas inquedanzas, necesidades e intereses.

Para alcanzar este fin, necesitamos crear un espazo de confluencia que propicie a análise, o debate e as propostas de actuacións orientadas á mellora permanente da calidade de vida da infancia e da adolescencia no concello, procurando igualmente a eficiencia e calidade dos distintos servizos dirixidos a nenos, nenas e adolescentes.

Encontrar o xeito de escoitar e atender á infancia é unha necesidade social e política para ter presente todo aquilo que as persoas adultas non son capaces de percibir desde a súa perspectiva.

A participación de nenas, nenos e adolescentes está baseada nos dereitos fundamentais descritos na Convención dos Dereitos do Neno, na cal destaca a consideración de nenas e nenos como suxeitos de dereitos e o establecemento dun marco de interrelación coas persoas adultas, as institucións e a sociedade delimitado polos principios do interese superior do neno e da nena, e o fomento da participación para propiciar a asunción de responsabilidades en todos os asuntos que lle atinxen.

De acordo co exposto redáctase o presente Regulamento que, cumprindo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (LPACAP), adecúase aos principios de boa regulación recollidos no artigo citado. Os principios de necesidade e eficacia cúmprense xa que é de interese xeral recoller os dereitos de participación da veciñanza de Teo e un regulamento municipal é a ferramenta coa que conta a Corporación para facelo. O principio de proporcionalidade está asegurado, xa que non é unha medida que limite ningún tipo de dereitos nin impón obrigas. A seguridade xurídica desta regulación fundamentase na súa congruencia coa normativa emanada sobre a materia polas restantes institucións con capacidade normativa. O trámite de exposición pública garante o principio de transparencia e a ausencia de cargas administrativas e a xestión racional dos recursos públicos fano co principio de eficiencia.

TÍTULO 1 – DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Definición

O Consello Local da Infancia e Adolescencia (en diante, CLIA) do Concello de Teo é un órgano que se enmarca dentro dos consellos sectoriais de participación cidadá onde se abordan os asuntos relativos á situación de nenas, nenos e adolescentes que viven no noso municipio.

Trátase dun mecanismo para a colaboración entre os nenos, nenas, adolescentes e persoas adultas nas políticas do noso concello, e naqueles asuntos que afecten, de maneira directa ou indirecta á poboación infantil e adolescente, así como nos intereses que lles repercutan no seu normal desenvolvemento vital.

O CLIA é un órgano participativo, de carácter consultivo e informativo, e de representación do conxunto da infancia e adolescencia dentro do municipio.

Artigo 2. Natureza xurídica

De conformidade co contido na Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e do artigo 38 do Regulamento municipal de participación veciñal do concello de Teo, créase o CLIA do Concello de Teo como órgano de participación veciñal que se ocupa e incide na calidade de vida das crianzas e adolescentes que residen no concello. Ao mesmo tempo ten vocación de configurarse como espazo que facilite a coordinación entre as administracións implicadas no eido da infancia e a adolescencia.

Artigo 3. Funcións

Serán funcións do CLIA do Concello de Teo, as seguintes:

1. Ser o órgano que garanta a participación entre as nenas, nenos e adolescentes do Concello de Teo.
2. escoitar, debater, analizar e trasladar a quen corresponda, se for o caso, das opinións, necesidades, intereses, propostas, queixas e suxestións que nenas,

nenos e adolescentes fagan chegar a través das súas persoas representantes no CLIA.

3. Recibir información do Concello de Teo sobre aquelas propostas ou actuacións que foren levadas a cabo en calquera asunto de interese para a infancia e a adolescencia.
4. Propor ao Concello de Teo as medidas que se consideren oportunas na procura do benestar de nenas, nenos e adolescentes.
5. Informar o Concello sobre problemas específicos que afecten aos dereitos da infancia e a adolescencia.
6. Impulsar a colaboración con outras administracións públicas competentes na materia, así como con aquelas entidades que desenvolvan actividades no eido da infancia e adolescencia.
7. Impulsar o cumprimento dos dereitos da infancia a nivel local.
8. Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación dos plans de infancia municipais.
9. Cooperar coas entidades públicas e privadas no desenvolvementos de programas, actividades e campañas informativas relacionadas coa infancia e a adolescencia.
10. Favorecer a participación activa, tanto no ámbito social, político como cultural, de todas as persoas menores actuando como interlocutor válido do colectivo antes os poderes públicos.

TÍTULO 2 – COMPOSICIÓN, FUNCÍONS E ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES

Artigo 4. Composición do CLIA

O CLIA estará composto polas seguintes persoas:

- Presidencia, que será exercida polo alcalde ou alcaldesa, sendo posible que delegue o exercicio do cargo na Concellaría que considerar conveniente.
- Secretaría, que será exercida por persoal municipal e será designada pola Presidencia do CLIA.
- Vogais:
 - A persoa concelleira delegada de Servizos Sociais.
 - A persoa ou persoas concelleiras delegadas das áreas de goberno de Educación, Mocidade, Deportes, Obras e Urbanismo. Ou calquera outra área que teña traballo directo con nenos, nenas e adolescentes.
 - Unha persoa representante de cada grupo municipal existente na Corporación.
 - Unha persoa representante por cada Asociación de Nais e Pais de Alumnos dos centros educativos do noso municipio, que será nomeada por cadansúa Xunta Directiva.
 - Unha persoa representante das entidades locais que traballen no sector de infancia e adolescencia.
 - O grupo de participación de nenas, nenos e adolescentes representantes do municipio, o cal contará cun número máximo de 26 vogais menores de idade.

Todas as persoas que integran o CLIA terán dereito á voz e voto, a excepción da secretaría, que só terá voz e non voto.

Tamén poderán asistir ás sesións do Consello aquelas persoas e/ou asociacións que foren convidadas pola presidenta/e ou a requirimento do CLIA.

Artigo 5. Funcións

5.1. Son funcións da presidencia:

- Representar o CLIA e dirixir a súa actividade.
- Convocar as sesións ordinarias e extraordinarias do CLIA e fixar a súa orde do día.
- Presidir as sesións, dirixir as deliberacións e dirimir as votacións en caso de empate co seu voto de calidade.
- Convocar con voz, e sen voto, persoas expertas en temas a tratar na orde do día.
- Garantir a participación de nenas e nenos no CLIA.
- Asinar as actas da sesións que se celebren.
- Velar polo cumprimento dos acordos adoptados no CLIA.
- Coordinar a relación entre o CLIA e os órganos de goberno e xestión de Concello.
- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes ao seu labor de Presidencia do CLIA, ou aquelas que lle sexan encomendadas por este.

5.2. Son funcións da secretaría:

- Facilitar ás persoas vogais toda información e asistencia técnica que for precisa para o mellor desenvolvemento das funcións a elas atribuídas.
- Asistir ás sesións do CLIA, con voz pero sen voto.
- Efectuar a convocatoria das sesións do CLIA por orde da Presidencia, así como as citacións aos seus compoñentes, achegando a documentación necesaria.
- A secretaría do CLIA someterá a acta á aprobación deste na seguinte sesión que se celebre. As actas serán públicas e estarán a disposición de todas as persoas que o requiran. En todo caso as actas faranse públicas nun prazo non superior a quince días naturais despois de celebrada a sesión. As actas serán

publicadas no sitio web municipal e estarán a disposición da cidadanía nos Taboleiros de Anuncios.

- Expedir certificacións dos ditames e acordos aprobados.
- Custodiar e remitir copia das actas.
- Calquera outra función inherente ao seu cargo.

5.3. Son funcións das vogalías:

- Recibiren, cunha antelación mínima de sete días, a convocatoria coa orde do día das reunións, salvo as convocatorias de carácter extraordinario, que se poderán realizar con corenta e oito horas de antelación.
- Asistiren ás reunións e participaren nos debates expondo a súa opinión e formulando as propostas que estimen pertinentes.
- Exerceren o seu dereito ao voto, así como expresaren o sentido do mesmo e os motivos que o xustifican.
- Proporen á Presidencia, a través da Secretaría do CLIA, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias e formular rogos e preguntas.
- Achegaren a información relativa ao seu ámbito de representación que o CLIA lle requira.
- Recibir información de canto aconteza no CLIA e que interese para o bo funcionamento do mesmo.
- Participar naquelas comisións técnicas propostas no marco do Consello.
- Transmitiren os debates e acordos do CLIA aos seus grupos de orixe.

Artigo 6. Elección, renovación e suplencia das persoas membro do CLIA

6.1. As persoas Presidenta e Secretaria serán elixidas en función do seu cargo, sendo o seu mandato coincidente por catro anos en función do mandato electoral.

6.2. As persoas menores de idade vogais do CLIA serán elixidas democraticamente no marco do seu centro educativo ou outras en base da propia idiosincrasia do órgano de participación, considerando aspectos de xénero, equidade e inclusión social. O mandato de cada vogal menor de idade será o correspondente ao de 1 ano escolar (setembro-xullo).

6.3. Para o resto de vogais, a elección responderá os criterios internos de cada organismo ao que representan. O mandato de cada vogal será de 1 ano, podendo ser elixidos e elixidas por 3 anos máis.

6.4. As persoas que desempeñen a presidencia e a secretaria terán unha suplente elixida mediante o mesmo procedemento que a persoa titular.

TÍTULO 3 – FUNCIONAMENTO DO CLIA

Artigo 7. Funcionamento e periodicidade de reunións

O CLIA terá o funcionamento a seguir:

7.1. O pleno do CLIA reunirse en sesión ordinaria polo menos 2 veces ao ano, facendo coincidir o segundo unha data aproximada ao 20 de novembro, Día Internacional da Infancia e a Adolescencia. O CLIA poderá reunirse en sesión extraordinaria sempre que a presidencia o considere preciso ou cando o solicite a cuarta parte das persoas membros do CLIA. A convocatoria para as sesións ordinarias realizarase cunha antelación mínima de oito días, e irá acompañada da orde do día e, se procede, da documentación correspondente. No caso de sesións extraordinarias, a antelación mínima para a súa convocatoria será de corenta e oito horas. As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando asistan a maioría simple das persoas participantes que legalmente compoñen o CLIA, e en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorre polo menos a súa terceira parte.

7.2. Para a constitución do Pleno deberán asistir máis da metade das persoas integrantes. Todas as persoas adultas e menores que participen no Pleno terán voz e voto, salvo a Secretaría, que terá voz pero non voto.

7.3. Os acordos ou as propostas do CLIA adoptaranse por maioría simple, salvo cando se propoña a modificación deste regulamento, que será por maioría absoluta. O voto das persoas integrantes do Consello é persoal e indelegable. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación, e de persistir o empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

7.4. O grupo de infancia e adolescencia chámase no Concello de Teo: Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia de Teo (en diante, FoPIA). O FoPia é un órgano de participación de persoas menores que irá incrementando a súa representatividade e funcións de forma gradual. No primeiro ano de funcionamento deste órgano (curso académico 2017-18) as persoas menores que forman parte do proceso correspóndense ao alumnado de 6º de primaria e de 1ºda ESO dos centros educativos do Concello de Teo, así como ás persoas menores participantes das actividades na entidade ARC Os Tilos. Neste curso 2017-18 escolléronse 2 representantes (1 rapaz e 1 rapaza) por aula e entidade. A representatividade idealmente irá ampliándose con cada curso académico, incluíndo, por exemplo, o alumnado de 2º da ESO no curso 2018-19. O número de persoas representantes non variará (26 como máximo) ao longo do tempo, e nas reunións do FoPia previas a cada Pleno do CLIA definirase que 26 representantes asistirán en caso de superaren ese número. Como funcións ideais a medio prazo pódense destacar as seguintes:

- O FoPia é o órgano de participación exclusivamente formado por persoas menores de idade e acompañadas por, no mínimo, 1 persoa técnica ou do equipo municipal. Realizaranse sesións de traballo antes de cada reunión do CLIA. As decisións tomadas por este grupo de participación trasladaranse ao Pleno do CLIA, tendo estas un retorno por parte das persoas tomadoras de decisión no prazo que se estipule.
- O FoPia estará integrado por nenas, nenos e adolescentes que desexen formar parte do mesmo, coa finalidade de facer efectivo o seu dereito para seren

escoitadas e escoitados en relación con todos os asuntos municipais que lles concerniren. Os requisitos para formaren parte deste grupo son: residir ou estudar no municipio, ter menos de 18 anos, voluntariedade e contar co consentimento de quen ostente a patria potestade ou a garda e custodia.

- O FoPia reunirase polo menos unha vez ao mes durante os meses lectivos escolares (2 veces ao ano nos primeiros cursos escolares da súa implantación). En caso necesario, o gr FoPia será dividido en seccións para agrupar as persoas menores en función da súa idade, lugar de residencia ou estudo, etc.
- O CLIA realizará actividades de información para que pasen a formar parte do FoPia todas as persoas menores de idade do concello que o desexaren sen ningún tipo de discriminación, considerando un enfoque de xénero, de equidade e inclusivo.
- O FoPia contará cun regulamento específico de funcionamento, avalado polos propios nenos, nenas e adolescentes. (Proposta no ANEXO I)

7.5. Comisións. En caso que o CLIA o determine, poderanse conformar grupos de traballo específicos asociados a un tema determinado e/ou a un grupo de idade concreto. As comisións serán dinamizadas por persoal técnico e terán unha duración, función e composición determinada polo CLIA.

Artigo 8. Motivos causantes de baixa

- a) Nenos, nenas e/ou adolescentes serán causantes de baixa: ao cumpriren os 18 anos ou ben transcorrido o seu período electivo.
- b) Por proposta do órgano ou grupo político que o nomea.
- c) No caso dos representantes políticos, serán baixa cando cumprisen o seu período electivo.
- d) Pola falta reiterada e non xustificada de asistencia a tres reunións consecutivas do pleno do CLIA.

e) Se unha persoa representante dos organismos, asociacións ou entidades participantes no CLIA deixase de formar parte da súa organización, ou esta desaparecese ou mudase de natureza ou finalidade, causará baixa inmediata no CLIA.

e) No caso do resto de membros do CLIA serán baixa cando así o manifestaren por escrito á Presidencia e asegurando a súa suplencia.

Artigo 9. Ampliación

A proposta de 3/5 partes do Consello ou da Presidencia, as persoas integrantes do CLIA pódense ampliar coa representación doutras entidades que traballen no eido da infancia e/ou a adolescencia. Para tal efecto a incorporación deberá ser solicitada mediante escrito dirixido á Presidencia do CLIA no Rexistro Municipal, que dará traslado da petición ao CLIA.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA

En todo o non previsto por este regulamento, corresponde á Presidencia do CLIA adoptar a decisión que considere máis axeitada consonte cos criterios xerais que inspiran as normas reguladoras deste, informando ao Consello na seguinte sesión para a súa ratificación, e propoñendo, se procede, a correspondente modificación do propio regulamento.

SEGUNDA

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65,2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I – Proposta de regulamento do Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia de Teo (FoPIA)

- Todas as persoas menores de idade que formen parte do Consello deberán acreditar ante a Secretaría do CLIA que teñen autorización escrita das súas persoas responsables legais para poderen formar parte deste.
- As nenas, nenos e adolescentes representantes dos centros educativos de primaria e de secundaria do noso municipio e das entidades específicas determinadas polo CLIA (como a ARC Os Tilos), serán elixidas/os democraticamente en cada unha das aulas dos centros e das entidades específicas:
 - Nesas eleccións só poderán votar as persoas menores de idade adscritas a cada unha desas aulas ou entidades.
 - A súa representación terá a vixencia dun curso académico, podendo ampliarse até un máximo de 3 cursos académicos.
 - O proceso de elección de persoas representantes garantirá o voto secreto, a participación de todas as persoas e a paridade de rapazas e rapaces. Para este fin, escollerase en cada centro ou entidade 1 rapaz e 1 rapaza como representantes. Esas dúas persoas poderán alternarse na representación nas reunións tanto de representantes como do CLIA.
- As persoas representantes de cada aula ou entidade terán as seguintes funcións:
 - Recoller todas as propostas, suxestións e comentarios do resto do alumnado da súa aula ou entidade. As propostas que se escollan para levar á reunión de representantes poderá realizarse en cada aula ou entidade mediante consenso ou por votación, sendo aceptada a proposta por maioría simple.
 - Recoller todas as suxestións presentes na caixa de suxestións situada en cada centro ou entidade, e na cal pode participar todo o mundo que teña entre 11 e 16 anos. Cada centro ou entidade designará unha persoa encargada de recoller as suxestións antes de cada reunión de

representantes, establecéndose quendas segundo o que se acorde na primeira reunión de representantes.

- Reunirse con resto das persoas representantes membros do FoPIA, presentar as propostas de cada aula ou entidade e decidir que propostas se levarán ás reunións do CLIA. Estas reunións contarán coa presenza e dinamización de, no mínimo, 1 persoa técnica. Nestas reunións seleccionaranse, así mesmo, as 26 persoas menores que asistirán ao CLIA caso o número de representantes for maior dese número. O proceso de selección será: por voluntariedade e por consenso ou votación, caso for preciso.
- Asistir ás reunións do CLIA e transmitir os debates e acordos tomados na reunión de representantes.
- Informar as persoas representadas (aula ou entidades) dos acordos tomados no CLIA.

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe do sr. alcalde acctal., coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, a 1 de febreiro de dous mil dezaoito.

Vº e praxe

O alcalde acctal.

X. Ignacio Iglesias Villar

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz